

xustificado o interese xeral da modificación nos termos establecidos no artigo 94.1 da Lei 9/2002. Non obstante respecto da incorporación das categorías 4ª e 6ª do uso terciario comercial dentro dos usos alternativos non se achegan datos concretos que permitan avaliar a necesidade e interese xeral desta modificación, se ben trátase dunha determinación que se inscribe no ámbito das competencias urbanísticas municipais.

3. A modificación limítase a establecer ou alterar contidos das ordenanzas (normas zonais) do plan xeral e, por tanto, as funcións que lle encomenda o artigo 85.7º da Lei 9/2002, a esta consellería para resolver sobre a aprobación definitiva deben cingirse a tales cuestións.

A modificación non expresa en detalle ningunha xustificación sobre algúns dos contidos relativos ás condicións de edificación no grao 3 da norma zonal 9, como a coherencia da tipoloxía construtiva permitida coa tipoloxía arquitectónica característica no contorno, o feito de que a proposta de ordenación estableza ata tres supostos de edificabilidade diferentes, ou o feito de que no grao 3º se fixen unhas condicións de ocupación e altura máxima superiores ás que corresponden aos graos 1º e 2º da mesma norma zonal. O Concello debería explicitar as razóns nas que se fundamentan as propostas de modificación, se ben se trata de aspectos discrecionais propios da competencia municipal respecto da definición do modelo de ordenación.

Sen prexuízo do antedito, non se detectou ningunha circunstancia que impida outorgar a aprobación definitiva á modificación puntual, se ben cómpre indicar que o punto b.4)-edificabilidade-da norma zonal 9 grao 2º (páxina 25) establece unha excepción para o cómputo de edificabilidade das plantas de semisoto que non se axusta ao que establece o artigo 46.6.a) da Lei 9/2002, polo que debe ser suprimida tal excepcionalidade.

II.2. De conformidade co artigo 89 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e co artigo 1 do Decreto 519/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal lle corresponde á conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

III. Resolución:

Visto canto antecede,

RESOLVO:

Primeiro.-De acordo co punto 5.a do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aprobar definitivamente a modificación puntual relativa á norma zonal 9, de actividades económicas, do PXOM do Concello da Coruña, quedando expresamente suprimida a excepcionalidade que se establece no punto b.4)-edificabilidade-da norma zonal 9 grao 2º (páxina 25), respecto ás plantas de soto e semisoto.

Segundo.-Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos

10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro.-De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002, e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente.

Cuarto.-Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2007.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 26 de xuño de 2007 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas en centros de educación e promoción de adultos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con sede en institucións penitenciarias.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 5.2º que o sistema educativo lles facilitará ás persoas adultas á súa incorporación ás distintas ensinanzas, favorecendo a conciliación da aprendizaxe con outras responsabilidades e actividades; e no seu artigo 67.6º, que a Administración educativa garantizará á poboación reclusa o acceso ás ensinanzas para as persoas adultas.

Co fin de adaptar a oferta da educación secundaria obrigatoria ás condicións, necesidades e intereses das persoas adultas, ditouse a Orde do 26 de maio de 1997, pola que se establecen as liñas básicas para o desenvolvemento do currículo das ensinanzas conducentes ao título de graduado en educación secundaria para as persoas adultas, e pola que se regulan as ensinanzas iniciais de niveis I, II e III conducentes ao título de graduado en educación secundaria.

De acordo co establecido no Decreto 116/2007, do 31 de maio, polo que se crean centros específicos de educación e promoción de adultos con sede nos centros penitenciarios de Galicia, estes centros terán como finalidade facer efectivo o acceso das persoas internas en establecementos penitenciarios ás ensinanzas de persoas adultas.

En consecuencia, esta consellería, de conformidade co establecido no Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que lle atribúe as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, e tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional

e Ensinanzas Especiais, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar as ensinanzas correspondentes aos niveis I, II e III da educación básica de persoas adultas na modalidade presencial aos centros de educación e promoción de adultos que figuran no anexo desta orde.

Segundo.-A organización e funcionamento dos centros de educación e promoción de adultos con sede nos establecementos penitenciarios será a establecida na normativa que con carácter xeral se aplica a todos os centros de educación e promoción de adultos da Comunidade Autónoma galega, agás aquilo que, dadas as súas especiais características, fose regulado por normativa específica e de conformidade co convenio de colaboración en materia de educación asinado entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Interior con data do 23 de marzo de 2007, así como co Real decreto 1203/1999, do 9 de xullo, e a normativa que o desenvolve.

Terceiro.-Como consecuencia do anterior, o horario de atención ao alumnado será en xornada de mañá e/ou tarde, de acordo coa demanda efectiva de formación dos internos e coas circunstancias da institución na que o centro ten a sede.

Ao inicio de cada curso escolar cada centro establecerá o seu horario tendo en conta as normas de organización e funcionamento da institución penitenciaria na que ten a sede, as instrucións de principio de curso da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e as propostas da comisión mixta establecida no devandito convenio de colaboración.

O horario definitivo deberá ser aprobado polo órgano da Administración educativa competente nesta materia.

Cuarto.-Con carácter provisional, os delegados provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomearán en cada centro un director, ao abeiro do disposto no artigo 137 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Código	Centro	Concello	Provincia	Ensinanzas
15032650	Centro público de educación e promoción de adultos de Teixeira	Curtis	A Coruña	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I. Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II. Educación secundaria para persoas adultas ou nivel III. Castelán e galego para inmigrantes.
27020811	Centro público de educación e promoción de adultos de Bonxe	Outeiro de Rei	Lugo	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I. Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II. Educación secundaria para persoas adultas ou nivel III. Castelán e galego para inmigrantes.
27020823	Centro público de educación e promoción de adultos de Monterroso	Monterroso	Lugo	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I. Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II. Educación secundaria para persoas adultas ou nivel III. Castelán e galego para inmigrantes.
32020771	Centro público de educación e promoción de adultos de Pereiro de Aguiar	O Pereiro de Aguiar	Ourense	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I. Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II. Educación secundaria para persoas adultas ou nivel III. Castelán e galego para inmigrantes.
36024720	Centro público de educación e promoción de adultos da Lama	A Lama	Pontevedra	Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel I. Ensinanzas iniciais do ensino básico para persoas adultas, nivel II. Educación secundaria para persoas adultas ou nivel III. Castelán e galego para inmigrantes.

Orde do 6 de xullo de 2007 pola que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.

O artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia establece a competencia plena da comunidade autónoma para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades no ámbito das súas competencias; e o Decreto 585/2005, do 29 de decembro, establece a competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión.

Por Orde do 27 de xuño de 2006 establécese o número de unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial.

Tendo en conta a modificación de unidades nun importante número de centros públicos nos que se imparte educación infantil e/ou primaria que resulta do compromiso da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cunha educación de calidade que permita a atención especializada, a atención á diversidade e ás necesidades educativas específicas, e que contribúa á mellor estrutura organizativa dos centros, resulta aconsellable a publicación da relación dos centros públicos dependentes desta consellería coas unidades e os correspondentes postos de traballo docentes.